

# MEMORIA DA ABP

## “DEBATER PARA COÑECER”

XIV Convocatoria de Premios á Innovación Educativa Compostela-Edelvives

Curso 2018-2019

Educadores:

Paula Prado Gesto

Marta López Mazoy

Manuel Barreiro Díaz

## ÍNDICE DA MEMORIA

<b>1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO</b>	<b>3</b>
<b>2. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO DOS EDUCADORES.</b>	<b>3</b>
<b>3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE.</b>	<b>4</b>
<b>4. DESEÑO PEDAGÓXICO E RECURSOS EMPREGADOS.</b>	<b>5</b>
<b>5. METODOLOXÍAS EMPREGADAS.</b>	<b>8</b>
<b>6. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN AUTÉNTICA.</b>	<b>10</b>
<b>7. PRODUCCIÓN DE EVIDENCIAS.</b>	<b>11</b>
<b>8. EVIDENCIAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO CARA AO EXTERIOR E/OU A INSTITUCIÓN.</b>	<b>12</b>
<b>9. AVALIACIÓN DO PROXECTO E PROPOSTAS DE MELLORA.</b>	<b>13</b>

## 1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Ultimamente parece que todo o mundo é quen de opinar sobre calquera tema aínda que un non sexa un esperto. Obsérvase unha falta de argumentos á hora de defender ideas ou posturas e a información na que ás veces nos baseamos non está suficientemente contrastada. Isto mesmo reproducéase nas aulas e o noso alumnado emprega as primeiras páxinas que lles ofrecen os buscadores da Internet cando lles pedimos que investiguen sobre un tema en concreto, seguido dun “corta e pega” co que non afondan nin reflexionan verdadeiramente no tema presentado. Por outra banda, ante un tema determinado, tendemos a posicionarnos nunha única postura e defender a mesma a capa e espada, sen dar tempos á escoita de quen defende a postura contraria ou en ofrecer tempos respectuosos de réplica.

O proxecto *Debater para Coñecer* nace para dar resposta á necesidade de ofrecer argumentos sólidos e convincentes, baseados en información obxectiva e veraz que avale a postura que defendemos dun tema proposto. Pero nace tamén para favorecer as relacións sociais, a reflexión crítica, a escoita activa, a empatía, o respecto e o afán de superación. É por isto que o proxecto en si mesmo permite traballar o desenvolvemento da competencia espiritual, segundo o Marco de Espiritualidade da Provincia Marista Compostela (Gier).

Non podemos esquecer que o proxecto tamén nos permite traballar estándares de comunicación oral e escrita das materias de Lingua Galega e Castelá, e os relacionados con temas científicos actuais propios da materia de Física e Química no 3º curso da E.S.O.

Finalmente, *Debater para coñecer* permítenos saber que alumnado ten mellores competencias no campo da oratoria. Dos debates realizados na aula saen os alumnos que, posteriormente, van representar ao colexio nos distintos debates intercolexiais aos que nos presentamos.

## 2. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO DOS EDUCADORES.

### 2.1. Por que se leva a cabo esta ABP con este equipo de educadores?

“Debater para coñecer” é unha ABP que xorde da necesidade de incorporar novo profesorado para formar ao alumnado na técnica do debate. Polo tanto, a implicación de máis de unha materia é necesaria.

Por outro lado, a cooperación dentro do Departamento de Linguas, entre o profesorado das linguas cooficiais, é fundamental para non repetir contidos e estándares de aprendizaxe. Ademais, foméntase o bilingüismo nas aulas.

Por último, a implicación do Departamento de Ciencias, a través da materia de Física e Química, proporciona unha maior interdisciplinabilidade á ABP e isto conleva un maior interese por parte do alumnado. Os temas científicos chaman máis a súa atención e son atraentes para o debate e a investigación. Tamén nos axuda a demostrar que en calquera das linguas cooficiais se pode falar de ciencia e contribúe á normalización lingüística.

Tendo en conta o anterior, o traballo en equipo e cooperativo entre o profesorado é ineludible. Nas primeiras sesións de traballo, establécense as sesións e a temporalización da ABP. Decídese que a parte teórica do debate se desenvolva desde a materia de Lingua Galega e Literatura, por ter o profesor maior experiencia no tema<sup>1</sup>. A parte práctica de investigación desenvolverase desde a materia de Física e Química<sup>2</sup>, por ser un debate de temática científica e ter a profesora experiencia no tema, e a de redacción desde Lingua Castelá e Literatura, porque se debate nesta lingua.

A parte do artigo de investigación, tanto teórica como práctica, lévase a cabo desde a materia de Lingua Galega e Literatura, pero aprovéitase o traballo de investigación feito en Física e Química para o contido do mesmo. Decídese que se realice a expresión escrita nesta lingua para equipar o emprego das linguas cooficiais no ámbito científico.

## 2.2. Como se traballou e cando se traballou?

Para dar forma ao proxecto e preparar os materiais a empregar logo na aula, os educadores aproveitan algúns momentos de reunións de equipos de proxectos marcadas no calendario colexial. Estas reunións presenciais empréganse para propoñer ideas, establecer o cronograma do proxecto e tomar decisións conxuntas.

Hai un traballo en liña posterior no que se empregan ferramentas como os documentos compartidos de Google Drive, para elaborar a PPT que se presenta ao alumnado, ou o programa Prográmame, para elaborar a Programación Didáctica. Chégase incluso a manter algunha reunión en liña coa aplicación de Google Meet. Deste xeito, a coordinación entre o equipo de educadores é eficaz e flexible.

Enlace á Unidade Didáctica:

<https://drive.google.com/drive/folders/1-OnjGuJCTUjjwa4eNWrLeA2mjUIkvKnL?usp=sharing>

## 3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE.

No punto 6 da Unidade Didáctica, pódese observar como contribúe esta ABP á adquisición das Competencia Básicas e como se relacionan, cada unha delas, coas áreas, cos contidos, cos obxectivos, cos criterios de avaliación e cos estándares de aprendizaxe.

---

<sup>1</sup> O profesor de Lingua Galega e Literatura leva seis anos participando na actividade organizada pola Xunta de Galicia “Parlamento Xove” como coordinador.

<sup>2</sup> A profesora de Física e Química leva dous anos participando na actividade organizada pola Xunta de Galicia “Parlamento Xove” como coordinadora.

Programame, recurso no que se deseña a ABP, non permite engadir a Competencia espiritual. Polo tanto, faise achega agora da presenza de dita competencia na Unidade Didáctica:

- Desenvolve capacidades e habilidades que reforzan e favorecen o crecemento persoal (perseveranza, responsabilidade, autonomía, autoestima...)
- Adquírense habilidades para relacionarse cos demais, para expresar ideas propias e valorar as dos demais mediante interpretacións e creacións colectivas.
- Adquírense habilidades e destrezas para a convivencia, respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e o entendemento entre as persoas, todos estes valores evanxélicos.
- Confianza nun mesmo e na propia capacidade para enfrontarse con éxito a situacións complexas.
- Favorecer o traballo en equipo que axuda a aceptar os distintos puntos de vista dos demais.
- Proporciona experiencias relacionadas coa diversidade de repostas e aceptación das diferenzas.
- Preparación dos alumnos, como cidadáns dunha sociedade, para participar activamente e segundo os valores evanxélicos, na toma de decisións do coñecemento científico.
- Sensibilizar ao alumnado na aportación do coñecemento científicos ao desenvolvemento das sociedades e dos países fronte aos riscos que pode ocasionar o mal uso do crecente desenvolvemento tecnocientífico.

Enlace á Unidade Didáctica:

<https://drive.google.com/drive/folders/1-OnjGuJCTUjjwa4eNWrLeA2mjUIkvKnL?usp=sharing>

#### **4. DISEÑO PEDAGÓGICO E RECURSOS EMPREGADOS.**

##### **4.1. Deseño pedagógico**

O proxecto *Debater para coñecer* ten dúas tarefas finais: debater sobre un tema científico e elaborar un artigo de investigación.

Para acadar a primeira tarefa establecéronse cinco bloques de traballo:

- Como investigar?
- Como debater?
- Recompilando.
- Redactando.
- O debate.

Os dous primeiros bloques están relacionados con contidos teóricos do debate (busca de información, partes do debate, linguaxe verbal e non verbal...) e impártense na

materia de Lingua Galega e Literatura. Recompilando e Redactando son bloques prácticos (investigación sobre o tema de debate e redacción das posturas) que se desenvolven nas materias de Lingua Castelá e Literatura, e Física e Química.

Finalmente, o debate realízase de forma continuada, no mesmo día, ao longo de dúas sesións de clase. Durante a celebración do mesmo están presentes, como mínimo, dous dos profesores que participan na ABP. Ademais acompañan, para a avaliación do mesmo, dous alumnos de 4º de ESO con experiencia en debates no Parlamento Xove. A estrutura do debate é a que se leva a cabo no Parlamento Xove.

A segunda tarefa, elaborar un artigo de investigación, ten tres bloques de traballo:

- Como presentar un traballo escrito?
- Como elaborar un artigo de investigación?
- Redactando.

Todos estes bloques desenvólvense na materia de Lingua Galega e Literatura. Os dous primeiros amosan os contidos teóricos de como presentar e redactar un traballo escrito e, o artigo de investigación, que é, partes e características de estilo. No último bloque, aprovéitase a información obtida durante a investigación do debate para levar a cabo a redacción dun artigo de investigación co máis salientable.

#### 4.1.1. Temporalización

<b>Debater</b>	<b>Sesións</b>
Como investigar?	<b>3</b>
Como debater?	<b>4</b>
Recompilando.	<b>4</b>
Redactando.	<b>5</b>
O debate.	<b>2</b>
<b>Artigo de investigación</b>	<b>Sesións</b>
Como presentar un traballo escrito?	<b>3</b>
Como elaborar un artigo de investigación?	<b>1</b>
Redactando.	<b>1</b>

## **4.2. Recursos empregados**

### **4.2.1. Recursos TAC**

- Google Classroom: Deseño e creación dunha tarefa para o alumnado. Cada equipo de traballo (4 alumnos) ten á súa disposición unha carpeta para levar a cabo as tarefas propias do seu equipo.
- Google Drive: Estruturación da tarefa en carpetas. Achega dos materiais necesarios para o alumnado.
- Google Docs: elaboración de PPT do proxecto para o alumnado e documentos de redacción en liña e en cooperativo para o alumnado.
- Páxina web “Prográmame”: elaboración da Unidade Didáctica.
- Adittio APP: Realización da avaliación (autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación).
- Ordenadores: busca de información, redacción e avaliación do debate.
- PDI: explicación e proxección da temporalización do debate.
- Cámara de vídeo: gravación dos debates

### **4.2.2. Organizadores gráficos**

- Que sei, que se me ocorre: Emprégase como punto de partida, antes de empezar a investigación, para reflexionar sobre o tema do debate.
- Recompilación da información: úsase para organizar a información que se busca sobre o tema atendendo ás dúas posturas do debate.
- Diario de sesións: nel rexístranse os roles, as funcións, os compromisos e o traballo que realiza cada alumno.

### **4.2.3. Modelos de redacción.**

- Modelos para a redacción da introdución, a refutación 1, a refutación 2 e a conclusión da postura a favor e en contra.
- Modelo para a clasificación de evidencias segundo a postura do debate.
- Modelo para a redacción de preguntas a facer ao equipo rival segundo a postura do debate

### **4.2.4. Recursos humanos**

- Profesores implicados na ABP
- Alumnos debatentes e alumnos coavaliadores (inclúese alumnado de 4º ESO con experiencia en debate no Parlamento Xove)

### **4.2.5. Outros recursos.**

- Trípode para cámara de vídeo
- Atril para os oradores
- Cartaza “Agora Ágora” para a decoración do espazo de debate.

- Libros de texto: AAVV. (2015). *Lingua Galega e Literatura 3º e 4º ESO*, Zaragoza: #somos link. Tambre, Edelvives. Para tratar os bloques de: como investigar?, como debater?, Como presentar un traballo escrito? e como elaborar un artigo de investigación?

Enlace á presentación ao alumnado

[https://docs.google.com/presentation/d/1oEoRE\\_LwGEFTq3ZwJqk3XhYLTEiOq3NIaEyfnZkpiMA/edit?usp=sharing](https://docs.google.com/presentation/d/1oEoRE_LwGEFTq3ZwJqk3XhYLTEiOq3NIaEyfnZkpiMA/edit?usp=sharing)

Enlace á Unidade Didáctica:

<https://drive.google.com/drive/folders/1-OnjGuJCTUjjwa4eNWrLeA2mjUIkvKnL?usp=sharing>

Enlace aos organizadores gráficos:

<https://drive.google.com/drive/folders/1eOXw8cL-RQc-pKSpv3MF7DtQNIMQmyRv?usp=sharing>

Enlace aos modelos de redacción:

[https://drive.google.com/drive/folders/1S7-\\_mykAY3t4K9kuNFYDqndwLFVnBac\\_?usp=sharing](https://drive.google.com/drive/folders/1S7-_mykAY3t4K9kuNFYDqndwLFVnBac_?usp=sharing)

## 5. METODOLOXÍAS EMPREGADAS.

A metodoloxía empregada no tarefa “Debater” foi a seguinte:

As actividades e exercicios asociados a cada un destes produtos finais, así como a metodoloxía empregada, preséntanse na unidade didáctica vinculada a este proxecto.

As sesións teóricas do proxecto, como investigar? e como debater?, emprégase unha metodoloxía expositiva e os alumnos deben tomar apuntamentos do que se explica. Con elo pretendemos que os alumnos sexan quen de coller apuntamos, de forma áxil. Tamén se pretende que sexan capaces de sintetizar as ideas que se expoñen, así como de identificar as ideas principais. No debate, van ter que ser áxiles á hora de recoller os argumentos do equipo contrario, van ter que diferenciar tese e argumentos, van ter distinguir afirmación, razoamento e evidencias. Polo tanto, estamos a practicar con esta metodoloxía o que queremos que os alumnos realicen no debate cando se enfrontan á exposición do equipo rival.

Unha vez que o alumno colle os seus apuntamentos de forma individual (traballo en 1), aplícase a técnica cooperativa “Parellas cooperativas de toma de apuntes” (traballo en 2) e, posteriormente, contrástanse no equipo base (traballo en 4).



Nas sesións dos bloques recompilando e redactando, o alumnado traballa en cooperativo formal cos roles de coordinador/a, controlador/a, secretario/a e portavoz. A primeira sesión do bloque recompilando céntrase na análise da proposición do tema a debater e nas outras tres sesións á busca de información, nas que o traballo se realiza en parellas de procura de información a favor e en contra e finaliza cunha posta en común dos documentos atopados e cubrindo o diario de sesións da ficha de equipo. O alumnado traballa nun único documento compartido na plataforma Google Drive e empregan un código de cores para diferenciar as achegas individuais. A primeira sesión do bloque redactando pretende a proposta de tese e tres argumentos, polo que o traballo se volve a repartir en parellas de traballo nas dúas posturas. Ofrécese un tempo de revisión en cooperativo dos catro membros do equipo. A segunda sesión está destinada ao reparto das funcións introdución, refutación 1, refutación 2, conclusión e a comezar a redactar. Nas últimas sesións do bloque redactando o traballo é individual atendendo á función encomendada, pero é imprescindible que o equipo interactúe e se comunique porque a redacción ten que estar conectada e á vez non se poden repetir evidencias. Todas as sesións rematan cun tempo de revisión do traballo en cooperativo con feedback, e cubrindo o diario de sesións da ficha de equipo.

A metodoloxía empregada para a tarefa “Elaborar un artigo de investigación” foi a seguinte:

Para as partes teóricas, como presentar un traballo escrito e como elaborar un artigo de investigación, empregouse a técnica expositiva coa toma de apuntes. Ao final deixouse un tempo para realizar en parellas a técnica de “Parellas cooperativas de toma de apuntes”. No bloque de Redactando cada equipo cooperativo de 4 alumnos tivo que presentar dous informes, un coa postura a favor e outro coa postura en contra. Para elo dividiuse o equipo en parellas e cada unha delas realizaba un informe. Para a redacción do mesmo déronse unhas pautas recollidas na rúbrica de avaliación e elaborouse empregando a ferramenta de Google Docs.

A cultura de pensamento tamén está presente en moitas partes do proxecto:

- Cando se realiza unha síntese dos apuntamentos collidos na aula mediante un esquema.
- Con rutinas como “Que sei, que se me ocorre; que sabemos, que se nos ocorre” para empezar a reflexionar sobre unha proposición de debate,
- Cando complementan os organizadores gráficos de “Recompilación da Información”
- Cando completan os organizadores da clasificación de evidencias
- Cando clasifican as preguntas a facer no debate por orde de importancia.

Estes cinco puntos, xunto cunha boa estrutura de discurso de cada unha das intervencións, aseguran que estas sexan ordenadas e eficientes no debate. Tamén favorecen a axilidade, tanto nas refutacións como na realización e na resposta de preguntas.

## 6. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN AUTÉNTICA.

Para levar a cabo a avaliación do proxecto, empréganse rúbricas de heteroavaliación, autoavaliación e coavaliación nas materias de Lingua Galega e Física e Química e rúbricas de heteroavaliación na materia de Lingua Castelá.

Infórmase ao alumnado dos criterios de avaliación e das rúbricas a empregar antes de presentar as tarefas (ver diapositivas de avaliación na presentación PPT). Tamén se presentan os pesos do proxecto nas diferentes materias na primeira avaliación do curso escolar, sendo o seguinte un cadro resumo:

	PESO DO PROXECTO NA AVALIACIÓN	HETEROAVALIACIÓN	AUTOAVALIACIÓN	COAVALIACIÓN
LINGUA GALEGA	25%	65%	5%	30%
LINGUA CASTELÁ	20%	100%	0%	0%
FÍSICA E QUÍMICA	30%	60%	10%	30%

Para o proceso de avaliación do debate emprégase a aplicación Additio App, tanto para a heteroavaliación como para as auto e coavaliacións. Emprégase a opción de envío de correos electrónicos cos vínculos ás rúbricas correspondentes que permite a aplicación. A coavaliación na materia de Física e Química só ten lugar entre membros do equipo pois céntrase na avaliación do proceso. En Lingua Galega a coavaliación céntrase no produto final do debate e vai un paso mais aló: por unha banda, cada equipo ten que avaliar a outro equipo de traballo e por outra, para completar esta coavaliación, é convidado alumnado de 4º ESO con experiencia por ter participado o ano anterior na actividade de debate Parlamento Xove. Cabe destacar o feedback posterior que este alumnado ofrece aos diferentes equipos.

Para o proceso de avaliación do artigo de investigación levouse a cabo unha heteroavaliación a partir dunha rúbrica.

Enlace ás evidencias da avaliación auténtica

[https://drive.google.com/drive/folders/119Jf8mgxRmqv9RsL4y68JMCXrpfo\\_6N\\_?usp=sharing](https://drive.google.com/drive/folders/119Jf8mgxRmqv9RsL4y68JMCXrpfo_6N_?usp=sharing)

## 7. PRODUCCIÓN DE EVIDENCIAS.

As evidencias xeradas ao longo deste proxecto podémolas clasificar do seguinte xeito:

TAREFA: DEBATE		
<b>Bloques</b>	<b>Tipo de evidencia</b>	<b>Enlace á evidencia</b>
Exposición	Vídeo	<a href="https://drive.google.com/file/d/1-Q4V0g6bbvyVkLTwlgXeCf22vIUeLGOW/view?usp=sharing">https://drive.google.com/file/d/1-Q4V0g6bbvyVkLTwlgXeCf22vIUeLGOW/view?usp=sharing</a>
Recompilando	Fotos	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/1zjhtQ4KOf2gqmBXrDt43sDQmUmqrTrUH?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/1zjhtQ4KOf2gqmBXrDt43sDQmUmqrTrUH?usp=sharing</a>
	Organizadores gráficos cubertos polo alumnado	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/1aAEPtNgCyH2sGUougijJinNqa4dyfkE?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/1aAEPtNgCyH2sGUougijJinNqa4dyfkE?usp=sharing</a>
Redactando	Fotos	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/1dq12CT6BOIU1iX2xGxgFyO7IUNQ3yXx7?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/1dq12CT6BOIU1iX2xGxgFyO7IUNQ3yXx7?usp=sharing</a>
	Modelos de redacción cubertos polo alumnado	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/145xpRtwOliRsmJs-v3cDbxh5m9dCnlhT?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/145xpRtwOliRsmJs-v3cDbxh5m9dCnlhT?usp=sharing</a>
	Diario de sesións	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/1QdO500HUF7bemjYrc62kmtqZX7ZhoWQ?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/1QdO500HUF7bemjYrc62kmtqZX7ZhoWQ?usp=sharing</a>
Debate	Fotos	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/1AEKUCTUJIQK0OtOr1htxYyTRkXN-kU1U?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/1AEKUCTUJIQK0OtOr1htxYyTRkXN-kU1U?usp=sharing</a>
	Vídeo	<a href="https://drive.google.com/file/d/15301dWPgQ1-3f6Tv7djyglX32QEDaMFw/view?usp=sharing">https://drive.google.com/file/d/15301dWPgQ1-3f6Tv7djyglX32QEDaMFw/view?usp=sharing</a>
TAREFA: INFORME		
Fase de informe	Informes elaborados polo alumnado	<a href="https://drive.google.com/drive/folders/1r-CCGgCfvl2bT4dv5lhXMFLnwzqZscWp?usp=sharing">https://drive.google.com/drive/folders/1r-CCGgCfvl2bT4dv5lhXMFLnwzqZscWp?usp=sharing</a>

## **8. EVIDENCIAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO CARA AO EXTERIOR E/OU A INSTITUCIÓN.**

As evidencias de difusión do proxecto en redes sociais recóllense nos seguintes enlaces:

<https://www.instagram.com/p/BqidfRenFay/>

<https://twitter.com/maristaslugo/status/1066090367513255936>

<https://www.facebook.com/colexiomaristaainmaculada.lugo>

Como dixemos na introdución, un dos obxectivos do proxecto é detectar talentos no campo da oratoria e ofrecer a posibilidade de seguir preparándose neste terreo representando ao colexio na actividade Parlamento Xove que a Xunta de Galicia convoca anualmente desde fai 10 anos. Neste senso, os dous equipos que representan ao colexio neste curso académico conseguen un posto na fase final. A prensa local faise eco desta nova e incluso recolle unha pequena entrevista a un dos profesores coordinadores da actividade.

<https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/campeones-debatir-convencer/201905261841591378518.html>

A páxina web do centro e as redes sociais tamén se empregan como medio de difusión desta actividade posterior que resultou exitosa grazas ao traballo previo do proxecto na aula.

<https://maristaslugo.com/content/dous-equipos-de-maristas-na-fase-final-do-parlamento-xove-2019>

<https://www.instagram.com/p/BxCtjomneNE/>

<https://twitter.com/maristaslugo/status/1124668080485957633>

<https://www.facebook.com/colexiomaristaainmaculada.lugo>

## 9. AVALIACIÓN DO PROXECTO E PROPOSTAS DE MELLORA.

Nos departamentos de linguas e científico realizase a avaliación do proxecto, que queda recollida na seguinte táboa:

AVALIACIÓN DO PROXECTO (Valores 0 – 10)	
Nivel de logro de estándares de aprendizaxe	9
Instrumentos de avaliación adecuados ao produto	9
Instrumentos de avaliación adecuados ao proceso	7
Calidade do produto final	9
Relación entre o tempo empregado e os estándares traballados	9
Participación equitativa do alumnado	9
Nivel de satisfacción do alumnado	8
Nivel de satisfacción do profesorado	9

Ademais desta avaliación procedeuse a unha reflexión co alumnado de forma oral da que se obtiveron a seguintes conclusións:

- Con recursos adecuados (informáticos e de rede) a temporalización sería adecuada.
- Na materia de Física e Química o alumnado non sempre se guía polos estándares de aprendizaxe dos que se informa nas primeiras sesión de traballo.
- Atópanse certos erros nas formas de empregar os modelos de redacción.

- O produto final do debate foi satisfactorio. Non estaba totalmente asimilada a información como para poder sintetizala nun informe dunha páxina.
- O alumnado considerou extensa a formación teórica.
- O proceso de autoavaliación e coavaliación resultou satisfactorio

En base a esta reflexión, preséntanse as seguintes propostas de mellora:

- Guiar o modelo de recompilación de información cos estándares da materia de Física e Química para facilitar a mesma.
- Seguimento con comentarios por equipos sobre posibles erros de forma.
- Facer o informe tralo debate.
- Poñer en valor a parte teórica como paso previo para conseguir un produto de calidade (debate e informe).
- Dar un feedback máis personalizado aos grupos.
- Facer emisión en directo do debate en redes sociais.
- Elaborar una ficha Gier de relectura de experiencias.

En Lugo a 28 de xuño de 2019